

27 de Febreiro 1958

Sr. D. Lois Tobío
MONTEVIDEO

Querido Tobío:

A Comisión de Cultura do Centro Pontevedrés encarregoume que che escribira pra che pedir unha conferencia no día 11 de Abril que vén, co gallo de delebrar o aniversario da República. Como é natural a dita entidade correría cos gastos de viaxe i estadia teus e da tua dona. No caso que aceptaras a invitación convíñalles (mellor dito convíñanos, porque eu tamén son da dita Comisión) que dixeras o título da conferencia pra facer con tempo os programas e a propaganda.

AGUEA estase animando moito pra este ano. Aparte dos cursos e das conferencias que coído serán como sempre, pensamos intensificar as publicacións. Ademais, comenzando precisamente no Pontevedrés, faremos varias sesións de Teatro Lido que, de certa maneira, completará a labouira que B. Amor fai co Teatro Popular Galego. Pensamos comenzar con "A Fiestra Valdeira", seguir con "A Soldadeira" de Seoane e despois con unha comedia que eu fixen, da que estou moi contento.

CITANIA está encaixando ben na coleditividade e xa está pra sair "Esmorga" de B. Amor e unha comedia de Fole.

Fu estou satisfeito de como vai eiquí o galeguismo e aínda máis porque vexo que van desaparecendo as pequenas xenreiras que tanto mal nos teñen feito.

Mariví está moi contenta de que veñades e xa fai proieitos pra que o pasedes ben.

Unha forte aperta pra ti e saudos a M^{ra} del Carmen de teu irman

Apodócese un exemplar de tiño que salem unha nota en conf. de miña vontade.